



RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2021, do tribunal designado para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 10 de maio de 2021, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización da primeira parte do primeiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 8 de setembro de 2021 (BOPG número 197, do 9 de setembro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021) acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.1. que a primeira parte do primeiro exercicio terá lugar o **mércores, 6 de outubro de 2021, ás 10.30 horas, na Sala Rosalía do Parlamento de Galicia.**

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso á sala onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

O presidente do tribunal
Xosé Antón Sarmiento Méndez